



Anexo ao Boletín – Setembro 2014.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CURSO 2014-2015

*** ACTIVIDADES ADULTOS**

+ Exercicio físico no centro de maiores: **Características:** actividade dirixida a maiores de 60 anos, con exercicios adaptados á idade e grupo: exercicios de baixo impacto, stretching, mobilidade articular... **Lugar:** centro de maiores de Boimorto. **Horario:** luns, mércores e venres de 11:00 a 11:45. **Prezo:** Actividade gratuíta.

+ Saídas ó balneario: **Características:** Xornadas dedicadas á saúde, onde poder beneficiarse das múltiples calidades que as augas termais medicinais ofrecen, desfrutar do Club Termal, saunas, sala de inhalacións, sala de relaxación... **Destinatarios:** O programa está destinado exclusivamente a persoas residentes no municipio. **Horario:** Martes do mes de outubro, 7, 14, 21 e 28, saída ás 15:30 do Centro de Maiores. **Prezo:** Gratuíto - *Subvencionado ao 100% pola Excm. Deputación Provincial da Coruña dentro do Programa Termalismo Social.* Prazas limitadas!! Anotarse na Casa do Concello ou no Centro de Maiores. 981516020 ou 981516520. **Recomendacións:** levar bañador e gorro de piscina, o balneario facilita toallas e zapatillas.



**Deputación
DA CORUÑA**

+ Ximnasia de mantemento por parroquias: **Características:** actividade que mellora a nosa saúde física con diversos exercicios de tonificación, flexibilidade... xogos, baile e deportes adaptados ó grupo. **Duración:** 45 minutos. De 16 anos en adiante. **Prezo:** Estarase exento do pago mensual establecido para dita actividade se se posúe o carné da piscina/ximnasio. De non posuír o carné a cota será de 10 € mensuais. **Lugares e horarios:**

Os Ánxeles / Corredoiras:	Arceo / Andabao:
Centro de Dinamización Social dos Ánxeles. Luns e mércores de 19:00 a 19:45	Local Social de Arceo Martes e xoves de 19:00 a 19:45
Rodieiros / Corneda / Dorneá:	Boimorto / Boimil:
Local social de Rodieiros Luns e mércores de 20:00 a 20:45	Pavillón polideportivo de Boimorto Martes e xoves de 20:00 a 20:45
Cardeiro:	Sendelle:
Local Social de Cardeiro Martes e xoves de 10:00 a 10:45	Local Social de Sendelle Martes e xoves de 11:00 a 11:45
Brates / Buazo / Mercurín:	Mínimo de 10 inscritos.
Local Social de Brates Luns e mércores de 18:00 a 18:45	

+ VIII Carreira Pedestre Popular e Canicross Concello de Boimorto **Características:** Carreira que transcorre polo municipio de Boimorto e no que se establecen varias categorías e distancias, ademais de acoller a modalidade de Canicross, que consiste en correr cun can atado á cintura. Haberá trofeos e premios en metálico para os gañadores e bebida para todos. Máis información: www.concellodeboimorto.es ou www.emesports.es.

Destinatarios e inscricións: Se tes máis de 4 anos e queres participar na carreira, só tes que inscribirte na páxina web: www.emesports.es. **Horario:** Sábado 27 a partir das 17:00 da tarde. **Prezo:** 5€ para corredores da categoría absoluta e canicross e gratuíta para os escolares (pitufo a cadete).

* ACTIVIDADES INFANTÍS

Variada oferta de actividades que ofrece a área de deportes do concello: : multideporte, xogos psicomotores, pequebaile, patinaxe, fútbol sala, bádminton..., das cales este mes se lles entregará **folleto explicativo** ós nenos e nenas no colexio.

NORMAS XERAIS:

1. Para ter acceso a calquera actividade programada é obrigatorio estar en **posesión do carné de socio da piscina e ximnasio ou pagar a cota mensual**. Prezo bonos anuais: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar
2. Haberá que cubrir obrigatoriamente **folla de inscrición** na casa do concello.
3. O prazo de inscricións remata o **30 de setembro**.
4. As actividades **comezarán a semana do 6 de outubro**, se hai o n.º mínimo de participantes en cada actividade, senón atrasarase o seu inicio. **Só se avisará** por teléfono das actividades que se atrasen ou anulen, non se chamará para as actividades que comezan con normalidade a semana do 6 de outubro.
5. O concello poderá **modificar/cancelar a programación** da actividade en caso de non haber o número mínimo de participantes. Avisarase a cada persoa en caso de modificar o plan establecido.
6. **Datas nas que se suspenden as actividades municipais:** Durante as actividades municipais de inverno do ano 2014-2015 haberá varios días que se suspenderán as actividades para os adultos, estas datas serán:
 - a. *Nada!*: dende o 22 de decembro ata o 7 de xaneiro (ambos inclusive).
 - b. *Entroido*: 16-17 e 18 de febreiro.
 - c. *Semana Santa*: dende o 30 de marzo ao 6 de abril (ambos os dous inclusive).
7. Os días festivos non haberá actividades.
8. A participación nas actividades suporá a **aceptación destas normas**.

AVISOS

*Todas as persoas que estean interesadas en participar en actividades como **pilates** ou **cursos de natación** durante este inverno, por favor anótense nunha listaxe provisional na casa do concello ou chamando por teléfono 981516020, para poder establecer así grupos e horarios.

*A piscina municipal pecha as súas portas o vindeiro día **14 de setembro**.



Cultura

* A **Carpa Xplora de Xuventude** ofrecerá información en **Boimorto**, no **Campo do Rosario** o **17 de setembro** (pola mañá), sobre os recursos dispoñibles para a mocidade; para informar aos mozos e mozas galegos sobre os recursos e programas dirixidos a eles, e para facilitarlles asesoramento por parte de técnicos especializados. Cabe destacar que, ademais de información de interese, estas carpas pretenden ofrecer un espazo aos grupos de mozos e mozas e entidades xuvenís no que poidan amosar as actividades e propostas que levan a cabo, servindo como escaparate do talento xuvenil.

* **Curso de informática:** está aberto o prazo para anotarse no curso de informática para adultos, nivel iniciación. Interesados/as anotarse nas oficinas do Concello.

Feira Mensual.

* Coma sempre o primeiro xoves de mes teremos a nosa feira. Neste mes contamos co servizo de transporte como de costume. Lembra que na feira podedes atopar de todo e o pulpo pódese comer alí ou levar para a casa. **O xoves 4 de setembro** tedes unha cita en Boimorto, non faltedes.

Centro Social Municipal de Maiores.

* O Centro Social de Maiores do concello de Boimorto **abrirá** de novo o **luns 1** de setembro. O servizo de autobús continuará, como de costume, pasando polas parroquias. As actividades comezarán a darse a partir do mes de outubro.

O luns, día 8 estará cerrado por ser festivo local e o luns 15 permanecerá cerrado por cuestións organizativas. Esperámosvos un ano máis, non faltedes.

Servizo de Normalización Lingüística.

* **CURSO DE GALEGO – CELGA.** O concello de Boimorto, ante a demanda dalgúns veciños/as, quere solicitar un curso de galego. Estes cursos, gratúitos, son preparativos para despois presentarse ás probas do Celga. O curso dura dous meses aproximadamente e serían dúas horas por clase, cinco días á semana e o horario podémolo solicitar nós. Hai diferentes niveis, solicitaremos o que consideremos máis apropiado para os que se anoten. Para poder realizar o curso debe haber un mínimo de 20 anotados, por iso ímolo pedir conxuntamente con Mesía e Sobrado. Para anotarse hai de prazo ata o 31 de outubro e o curso realizarase a partir do mes de febreiro. Podedes anotarnos no Concello ou chamando ó 981 516 020.

Festival de la Luz 2014

O horario do festival será similar a estas anteriores edicións, aínda está sen confirmar os horarios das actuacións, pero como modificacións nesta edición o público infantil terá máis protagonismo que nunca xa que, a Zona Infantil ampliase para dar cabida a todos os que queiran divertirse neste área dinámica, lúdica e de tradición.

Os menores de 12 anos non pagan entrada, os menores de idade de 16 e 17 anos deberán acudir acompañados dunha persoa adulta responsable da súa seguridade ou, en caso **de acudir sen un adulto**, deberán **traer** debidamente cuberta a **autorización** e os **menores de 16 anos** deberán vir obrigatoriamente **acompañados do seu pai/nai ou titor/a** que deberán entregar a autorización no control de seguridade de acceso o recinto.

O cámping abre o venres 12 as 12:00 e pechará o luns 15 as 12:00; estará dividido nunha zona para a mocidade e unha zona familiar. Haberá servizo de cafetería. O acceso á zona de cámping estará regulado. Unicamente os posuidores da entrada para o festival, terán acceso a área de acampada onde se lles facilitará unha acreditación que lles permitirá entrar e saír do cámping libremente. A organización reservase o dereito a expulsar do cámping a todo aquel que non respecte as normas. A organización habilitará unha nova Zona de Fin de Festa, unha carpa onde a música de diferentes DJs alargará a festa do sábado ata ás 5:30 AM.